



Cultura

* Excursión á Ribeira Sacra:

O sábado 11 de outubro imos de excursión á Ribeira Sacra.

Sairemos de Boimorto, da praza do Rosario ás 08:30 da mañá. Collegeremos cara o embarcadoro de Santo Estevo en Doade. Alí faremos unha bonita excursión no catamarán que nos levará pola ruta dos Canóns do Sil. Esta viaxe durará 2 horas aproximadamente. De aquí marcharemos xantar a Monforte de Lemos. A comida está prevista para as 14 horas, aproximadamente.

Despois dun bo xantar, collegeremos dirección ó mosteiro de Oseira, unha ruta guiada por un dos mellores mosteiros de Galicia. E, rematada esta visita volveremos para Boimorto.

Hora de saída: 08:30h. Lugar: Campo do Rosario Hora aprox. de chegada: 20:00h.

Prezo: 26€ nenos/as e xubilados e 30€ adultos. O **prezo varía polo custe das entradas do catamarán.**

Anotarse na casa do concello ou no centro de maiores. O prezo deberá pagarse no momento de reservar a praza. Deberá haber un **mínimo de 52 anotados** para a realización da excursión, en caso de non haber estes anotados suspenderase.

O PRAZO PARA ANOTARSE REMATA LUNS 6 DE OUTUBRO, QUEDANDO O GRUPO CERRADO POR CUESTIÓNS DE ORGANIZACIÓN.

Centro Social Municipal de Maires.

* Comeza o mes de outubro e con el as actividades do Centro de maiores.

- × O **luns** teremos ximnasia de 11 h. a 12 h. e grafomotricidade-escola de 12:15 a 13 h.
- × O **martes** contaremos con manualidades de 11 h. a 12 h.
- × Os **mércores** ximnasia de 11 h. a 12 h. e taller de memoria de 12:15 a 13 hs.
- × Os **xoves** teremos a feira o primeiro de mes e charlas programadas para o último xoves de cada mes. Este mes contaremos coa charla "O sexo na terceira idade". A estas charlas pode acudir quen queira, serán ás 11 da mañá no centro de maiores.
- × Os **venres** teremos ximnasia de 11 h. a 12 h. e "Bingo" a partires das 12:15 h.

Lembrámosvos a todos/as que contades cun ximnasio no centro á vosa disposición, co servizo de transporte gratuíto polas parroquias e un pequeno café a media mañá.

ESPERÁMOSVOS UN ANO MÁIS NO CENTRO SOCIAL DE BOIMORTO.

Outono Cultural

Os espectáculos están orientados a todos os públicos e levaranse a cabo nos meses de outubro e novembro deste 2014:

- ***25 outubro:** Ás 21:00h. na Casa da Cultura. Actuación de Rudi Dudi: música ao vivo, malabarismos absurdos, coreografía en tutú...
- ***15 de novembro:** Ás 21:00h. na Casa da Cultura. Actuación do Mago Romarís
- ***22 de novembro:** Ás 19:00 Presentación do Libro "Buenas noches Julia" da autora Enma Pardo, natural de Boimorto.
- ***7 de novembro:** Ás 21:30h. teremos o Magosto na Telleira de Boimil, podedes anotarvos ata o 31 de outubro no Concello. O Prezo da cea será de 6 € por persoa. Os rapaces/zas de 12 anos ou menos non pagan entrada, pero si que se terán que anotar.

Servizos Sociais.

* Está aberto o prazo para as solicitudes de **axudas por emerxencia social do Concello de Boimorto ata o 18 de decembro de 2014**. Para realizar as solicitudes ou pedir información pasen polos servizos sociais preferiblemente concertando cita.

* Está aberto o prazo de solicitude de **axudas de apoio á natalidade do Concello de Boimorto ata o 30 de novembro de 2014**. Para máis información acudir ós servizos sociais do Concello de Boimorto, preferiblemente concertando cita

Festival de la Luz 2014

* Despois de congregarse a máis de 8.000 persoas nun só fin de semana en Boimorto, este evento (que fusiona música, ocio, gastronomía e innovación) comprometédo co rural e que cada ano supera as nosas expectativas e axuda o incremento da economía local, tanto dos establecementos como dos veciños en xeral, así pois agradecer dende o Concello a todas aquelas persoas que dun xeito ou outro contribuíron a que este festival se leve a cabo.

Para o ano mais e mellor!!!!

Deportes

* CURSO DE MONITOR DE FÚTBOL BASE

O Concello de Boimorto, en colaboración co concello de Mesía, está a traballar para poder desenvolver un curso de Monitor de fútbol base en colaboración coa Federación Galega de Fútbol. Dito curso está destinado a mozos/as maiores de 16 anos e terá como obxectivo poder adestrar equipos federados ata a categoría cadete.

O curso ten unha duración de 60 horas e un custe aproximado de 150 euros. Os participantes obterán o Diploma federativo de "monitor de Fútbol base" que lles permite a convalidación do bloque de prácticas do curso de Nivel 1 (necesario a partir do 2015 para adestrar outras categorías).

Para inscricións e máis información chamar ó teléfono 981516020

* VIII Carreira Pedestre Popular.

O pasado 27 de setembro celebrouse a VIII Carreira Pedestre Popular en Boimorto na que participaron máis de 290 participantes repartidos nas 13 categorías da carreira pedestre e nas 2 de canicross.

Destacar tamen que houbo numeroso público en Boimorto, que veu animar aos corredores para que deran o mellor de si. Este ánimo axudou a que se batira o record da categoría masculina situando o novo record en 19' 14" que queda en mans do atleta Carlos Villamor Castiñeira, este tempo supón unha rebaixa de 3 segundos do tempo de referencia que marcara Lolo Penas no 2007.

* Saídas ó balneario: **Características**: Xornadas dedicadas á saúde, onde poder beneficiarse das múltiples calidades que as augas termais medicinais ofrecen, desfrutar do Club Termal, saunas, sala de inhalacións, sala de relaxación...

Destinatarios: O programa está destinado exclusivamente a persoas residentes no municipio. **Horario**: 7 e 28 de outubro e 18 e 25 de novembro saída ás 15:30 do Centro de Maiores. **Prezo**: Gratuito - *Subvencionado ao 100% pola Excm. Deputación Provincial da Coruña dentro do Programa Termalismo Social*. Prazas limitadas!! Anotarse na Casa do Concello ou no Centro de Maiores. 981516020 ou 981516520. **Recomendacións**: levar bañador e gorro de piscina.



Deputación
DA CORUÑA



HOTEL BALNEARIO DE
COMPOSTELA